

NOTA DE PRENSA



Data: 10 de maio de 2010

Att: Redacción Galicia

Asunto: **MIRO VILLAR GAÑA O XIII CERTAME DE POESÍA
“CONCELLO DE CARRAL”**

O POEMARIO “AS CREBAS” ÓBTÉN O PREMIO “CONCELLO DE CARRAL”

Miro Villar, coa súa obra “As crebas” resultou gañador do Concurso de Poesía “Concello de Carral” do presente ano.

O xurado escolleu o libro de Villar de entre as 46 obras presentadas ao certame pola mistura que presenta de clasicismo, culturalismo e compromiso social; polo acerto co que integra as alusións mitolóxicas no discurso poético; e tamén polo novidoso tratamento que fai da modernidade temática dentro do clasicismo.

O xurado, que se reuniu na tarde de hoxe, estivo formado polos poetas Eli Ríos, Baldo Ramos e Tati Mancebo, baixo a presidencia da Concelleira de Cultura, M^a José García Fariña, e asistidos en calidade de secretario, polo técnico municipal de Cultura e coordinador do premio, Carlos Lorenzo Pérez.

O premio de Carral está dotado con 2000 euros e a publicación da obra na colección de poesía de Edicións Espiral Maior.

O acto de entrega do premio terá lugar o 28 de maio, na Casa da Cultura de Carral.

Máis información sobre Miro Villar: <http://www.aelg.org/Centrodoc/GetAuthorById.do?id=autor15>